



Em todas as CORES



En todas as CORES

Desde as Bibliotecas Municipais ofrecemos esta guía de lectura cunha selección de libros, discos ou películas. Son obras de calidade literaria, artística ou científica, que divirten, emocionan, fan pensar ou aportan novos coñecementos. Témolas nas nosas bibliotecas e pódense levar en préstamo.

Poesía infantil e xuvenil

de todas
as cores

Margarita

Rubén Dario. Ekaré

A historia dunha princesa que quería ter unha estrela. Un poema marabilloso que todos temos que ler.

Poemas para pintar

Concha Blanco. Ilustracións dos Alumnos e alumnas da escola da Igrexa-Cacheiras. Sotelo Blanco

Gracios@s e tenros poemas ilustrados pol@s nen@s. A calor do sol e do fogar, o colorido das bolboretas, do Entroido e da primavera, o amor polos animais e pola familia, son algúns dos temas que forman parte deste compendio.



Poemas que me cantou o grilo

Ana M^a Fernández. Ilustracións de Fausto Isorna. Tambre

34 poemas de ritmo áxil e vocabulario sinxelo que rapidamente conseguen fascinar a nen@s para ler ou recitar en voz alta.



Poetízate. Antoloxía da poesía galega

Fran Alonso (editor literario). Xerais

De Rosalía de Castro a Yolanda Castaño, de Curros a Lois Pereiro, unha viaxe divertida pola poesía galega.

¿Quen vive aquí?

Ana María Fernández. Galaxia

O mundo está cheo de paisaxes, con xente diferente, plantas e animais distintos. As súas casas tamén son distintas, pero no fondo todos somos iguais.



O souto do anano

Helena Villar Janeiro. Ilustracións de Marta Álvarez. Obradoiro

O anano é o habitante máis máxico do souto. Está sempre disposto a fixarse ben nas cousas maravillosas que trae o paso dos días e das noites.



Tú acabas los poemas

Lola Casas, Mercé Aránega. Edebé

Poemas sinxelos sobre xogos, comidas, actividades, que os nen@s teñen que completar coa palabra que falta.

Obras de coñecementos infantís e xuvenís

todas as cores

Camuflaxe animal

Belinda Weber. Baía

A camuflaxe é a forma que teñen os animais para pasar desapercibidos, aprende como se confunden os animais co seu entorno.



Hasta el infinito

Kveta Pakovská. Factoría K de Libros

Libro de letras e números en páxinas despregables e troqueladas para todos os públicos. Un alarde da ilustradora checa que xoga c@s lector@s en cada folla.



Insectos

Barbara Taylor. Baía

Libro con asombrosas fotografías ampliadas que mostran intrigantes detalles de diferentes tipos de insectos.

Los inventos

Émilie Beaumont, Philippe Simon, Marie-Laure Bouet. Fleurus

Ilustrativo libro que explica a historia de moitos dos instrumentos e técnicas empregadas na nosa vida cotiá.



Lobos

Rosa Costa-Pau. Ilustracións de Tiziana Lerda. Parramón

Percorrido pola vida do lobo na colección «Descubre y aprende».



Mi álbum de fotos

Pascale Estellon. Blume

Libro? Caderno para colorear? Que máis ten! Este libro fainos divertidas propostas para completar as ilustracións coa nosa imaxinación.



Niños del mundo

La Galera


Escenas cotiás de nen@s de todo o mundo.



Los porqués de la salud: las respuestas del Dr. Quesí y el Dr. Quenó

Ilustracións de Monike Czarnecki. SM.

Por medio do doutor Quesí coñeceremos as respostas a todas as preguntas sobre a saúde, mentres que o doutor Quenó daranos explicacións un tanto peculiares.



El viaje de la evolución (El joven Darwin)

Vicente Muñoz Puelles. Anaya

Versión para rapaces da viaxe arredor do mundo de Darwin, a bordo do Beagle, que lle fará comprender a orixe e a evolución das especies.

DVD infantil e xuvenil

todas
as cores

Aardman classics

Nicholas W. Park, dir. Track Media

Selección dalgunhas curtas da Aardman Animations, creadores de Wallace & Gromit, con figuras de arxila.



Bienvenidos a Belleville

Sylvain Chomet, dir. S.A.V.

Orixinal fita de animación na que a imaxe e a música cobran todo o protagonismo ante a inexistencia de diálogo.

La brújula dorada

Chris Weitz, dir. TriPictures

Adaptación cinematográfica da obra de Phillip Pullman protagonizada por unha nena de 12 anos que fai unha longa viaxe para salvar a un amigo.



Donkey Xote

Josep Pozo, dir. Filmax

Divertida versión de animación do cabaleiro da Mancha.



Kirikú y las bestias salvajes

Michel Ocelot, dir. Cameo Media

O marabilloso personaxe do neno Kirikú terá que enfrentarse a perigosos desafíos...

Mafalda 40 aniversario

Quino. Suevia Films

Cinco dvd para gozar coa visión crítica que teñen os personaxes de Quino do mundo d@s adult@s.



La profecía de las ranas

Jacques-Rémy Girerd, dir. Ed. S.A.V.

O mito do diluvio universal provoca nesta película que herbívoros, carnívoros e humanos se poñan de acordo para sobrevivir.



Ratónpolis

David Bowers, dir. DreamWorks Animation Home Entertainment

Porque non todas as ratas son iguais, en Ratónpolis, Roddy coñecerá un mundo diferente...

Libros para nenas e nenos de Educación Infantil

todas as cores

A araña máis intelixente

Zdenko Basic. Baía

Esta araña é moi hábil pode facer calquera cousa que lle pidas, ata un arco da vella.

A casa da duna

Fran Alonso. Fotografías de Manuel G. Vicente.

Xerais


Da comunión entre texto e fotografía, nace este álbum ilustrado. Alba e o seu gato viven nunha casinha de madeira sobre unha enorme duna. Todo está limpo e cheo de fermosas cores ata que reciben a máxica visita doutra nena, Alma, portadora de malas novas.



Crocodilo enamorado

Daniela Kulot. Factoría K de libros

Desde que o crocodilo se namorou da xirafa todo son problemas, pero o amor sempre triunfa.



Este sueño no es mío

Hernán Goñi, Florencia Bianchi. Ilustracións de Emme. Destino

Din que cando imos durmir a nosa imaxinación segue esperta.

La familia Veo-Veo vuelve al cole

Béatrice Veillon. Bruño

Divertímonos buscando a Pablo, Sara, os seus pais e máis Lolo, o can da familia.

Un globo vermello

Iela Mari. Kalandraka

Un libro sen texto, de contido eminentemente visual para as primeiras idades.

El secreto

Éric Battut. Kókinos

É moi difícil esconder unha mazá e gardar o segredo se a mazá convértese nunha árbore.



Un segredo do bosque

Javier Sobrino. Ilustracións de Elena Odriozola.

Oqo

Desde que o coñeceu Esquíu estaba namorada.

Unha historia de amor na que as diferenzas non son obstáculos.



iUpa!

Agustín Fernández Paz. Ilustracións de Noemí Villamuza. Xerais

Un pai e a súa filla protagonizan este conto da serie O meu mundo para @s máis cativ@s.



Libros para nenas e nen@s de 6 a 8 anos

todas
as cores

Cariñoso bicho malo

Dirk Nielandt. Ilustracións de An Candaele. Edelvives

¿Teslle medo ás arañas?, Coli é unha araña pero non é un bicho malo.



Eu tamén son fonte

Teresa Moure. Ilustracións de Leandro Lamas. Galaxia

Fermoso álbum ilustrado para apoiar a lactación materna.



Ferocísimos perros

Fernando Lalana. Ilustracións de Violeta Monreal. Bruño

Unha historia sobre o medo aos cans con moito humor e á vez con contido pedagóxico.

Nera, a ferreira

Ismelda Barrio Santamaría. Ilustracións de Andrés Meixide. Baía

O día que naceu Nera o Consello de Fadas reuniuse para outorgarlle un desexo moi especial.

Pasiño

Simon James. Faktoría K de Libros

Se te perdes soamente tes que andar paso a paso e chegarás a casa, aínda que sexas o máis novo.



El pes

Hanna Johansen. Ilustracións de Rotraut Susanne Berner. Lóguez

Dodo está de cumpreanos e quere que lle regalen un «pes», o que ela non sabe son as responsabilidades que iso trae.

¿Quen me quere adoptar?

Fina Casalderrey. Ilustracións M^a Fe Quesada.
Xerais

Fálanos da importancia e o valor dos libros e as relacións familiares e propón unha reflexión sobre a soidade que viven moitas persoas maiores.



Sacapenas.

Anthony Browne. Kalandraka

Bieito sempre fica preocupado, a súa avoa que foi así tamén cando nena saberá axudalo con tino.



A serea do mundo

Encarna Otero. Ilustracións de Elisa Gallego Picard. Galaxia

Fermoso e poético conto dunha serea que viaxa por todo o mundo recollendo escamas e empapándose da sabedoría popular.



A toupiña que quería saber quen lle fixera aquilo na cabeza

Werner Holzwarth. Ilustracións de Wolf Erlbruch.
Kalandraka

A toupiña érguese pola mañá e atópase cunha desagradable sorpresa na súa cabeza e decide buscar ao culpable. Un divertidísimo clásico da literatura infantil.



Unha chea de familias

Xosé Antonio Neira Cruz. Ilustracións de Rodrigo Chao. Galaxia

Unha obra chea de afecto e sensibilidade que axuda a entender e a asumir a diferenza.



La venganza contra el chistoso

Graciela Montes. Fondo de cultura económica
Ema está cansada de sufrir as brincadeiras do seu tío Lito, ¿que poderá facer para librarse delas?

Los viajes maravillosos del hada Lilú

Emmanuelle Houdart. Kókinos

A fada Lilú viaxa de estrela en estrela co seu libro de maxia que se perde no medio das fermosas ilustracións deste conto.

Libros para nenas e nen@s de 8 a 10 anos

De todas
as cores

Cucho, Coco e o dilema do 6

Tino Antelo. Ilustracións de Marina Seoane. Baía: IGAEM

Historia de Cucho que pensa que seis é moito e Coco que pensa que seis é pouco.

Un día horrible en el cole (El secreto mágico de Katie Kazoo)

Nancy Krulik. Ilustracións de John y Wendy. Bruño
Aínda que Katie semella ser unha nena normal e corrente, pode transformarse en alguén diferente. Desde a irmá pequena da súa mellor amiga ata Rapidín, o hámster da clase.

Eres único

Ludwig Askenazy. Fondo de cultura económica
Un eloxio da individualidade.

La guerra del comedor

Nancy Krulik. Bruño
Semella que hai problemas no comedor do colexio de Katie.

¡Hola! Yo soy... Otto Terremoto

Alan MacDonald. Ilustracións de David Roberts. Montena

Coñece a Otto o neno máis pillabán do mundo, gústalle facer todo o que detestan os maiores.



Ma y Pa Drácula

Ann Martin. Fondo de cultura económica
Unha de vampiros con moito humor.

Marabillas das fadas

Blanca Castillo. Ilustracións de José Luis Tellería.
Baía
Se les as seis historias, coñecerás máis cousas das fadas e do seu mundo.

Nun lugar chamado Labirinto

Ánxela Gracián. Ilustracións de Ramón Trigo. Luis Vives: Tambre
Marú sae co seu can Pachín á procura do mago Axóuxere, roubado pola dama da gadaña.

O pequeno señor Paul

Martin Baltscheit. Ilustracións de Ulf K. Xerais
O señor Paul adora os libros, e neles atopa cada día unha nova aventura que lle fai cambiar ata a súa propia vida.

Pingoriña e o tempo

Roberto Aliaga. Ilustración de Mónica Gutiérrez Serna. Macmillan
O señor Pingoriña pasa a vida na procura de tempo, en vez de gozar del...

¡Que medo, Mamá Raquel!

Agustín Fernández Paz. Ilustracións de Fran Jaraba. Xerais
Sara e Fran quedan sós na casa, entón a súa imaxinación voa e xurde o medo.

Zarah ¿no tendrás miedo verdad?

Zoran Drvenkar. Libros del Zorro Rojo
Zarah é pequena e apoucada ¿será quen de introducirse no bosque e enfrontar os monstros que agardan alí?



Libros para nenas e nen@s de 10 a 12 anos

de todas
as cores

Unha bruxa ben rara

Carlos Mosteiro. SM

Rescate dunha bruxa por parte dun feixe ben raro de rapaces, un dragón e outr@s amig@s.



A historia de Erika

Ruth Vander Zee. Ilustracións de Roberto Innocenti. Kalandraka

De como Erika logrou vivir e non chegou a ningún campo de concentración nazi. Un canto á esperanza, á paz e ao ser humano, con impresionantes ilustracións.



Jaleo en el tejado

Hazel Townson. Ilustracións de David Mckee. Anaya

Harry ten que variar a dieta pola chegada do seu pai á vez que axuda a súa veciña nun problema no tellado.



Kafka y la muñeca viajera

Jordi Sierra i Fabra. Ilustracións de Pep Montserrat. Siruela

De como Kafka inventa cartas contando a viaxe que fai unha boneca para consolar a súa dona, unha nena que perdeu o seu xoguete.



El libro fantástico

Tony Diterlizzi, Holly Black. Ediciones B
Jared, Simon e Mallory Grace acaban de mudarse á mansión Spiderwick, onde vivirán innumerables aventuras.

Norocai

Begoña Paz. Baía

Cando o mar invadiu a terra quedou un reduto a salvo, Norocai, un lugar onde a esperanza é fundamental. Coñéceo.



El ojo del lobo

Daniel Pennac. Ilustración de Jacques Ferrandez. Macmillan

Un neno queda pasmado diante da gaiola de Lobo Azul. O animal pregúntase que quererá del un humano.



Preocupados.com

Wilson, Jacqueline. SM

O profesor Belos pon en marcha unha páxina web para que os alumnos da súa aula poidan deixar anonimamente os seus problemas.



A princesa que venceu a sombra

Xoán Babarro. Ilustracións de Manolo Uhía. Everest

Li, era unha princesa pequeniña...tan pequeniña que se perdía no berce. Para colchón abondábanlle vinte axouxeiros de uz e, para almofada, o gato dun salgueiro.

A toupiña cegarata

Ánxela Gracián. Ilustracións de Jacobo Lijó Viaño. Galaxia

Veludiña é unha toupa que desde cativa sentiu a curiosidade de saber como é o mundo exterior. Non tardará en descubri-lo, xa que o seu niño queda totalmente destruído tras a salvaxe intervención de Matías, o can da casa.



Xenaro e o misterio da mochila verde

Mar Guerra. Ilustracións de Fernando Llorente.
Xerais

A Xenaro gústalle resolver misterios e debido a que se suceden unha serie de roubos, el e os seus dous mellores amigos tentarán de buscarlles unha explicación. Obra con moito humor que nos fala do valor da amizade e da integración.



Libros para adolescentes de 12 a 14 anos

*todas
as cores*

Os Arriscados

Miguel Anxo Mouriño. Galaxia

Para formar parte do grupo dos Arriscados hai que pasar unha serie de probas e demostrar un mínimo de coñecementos. ¿Estás disposto a ser un deles?

Charles Darwin

Alan Gibbons. Ilustracións de Leo Brown. Baía

Un mozo grumete do Beagle relátanos as circunstancias e peripecias dunha travesía histórica na compañía do naturalista Charles Darwin.

Con todo el peso de la ley

Stan Smith. Oniro

Thomas P. Stanwick é un detective afeccionado e necesita da túa axuda para resolver os distintos casos. Segue as pistas e usa a túa intelixencia.

A fada das lapas

Manuel Janeiro. Ilustracións de Zita Delaco.
Galaxia

A fada das lapas elixe ao mortal fillo do ferreiro para procrear un fillo que sexa dos dous mundos, pero ningún dos proxenitores estará preparado para afastarse do seu fillo cando chegue o momento. Cunha coidada prosa, Manuel Janeiro reflexiona sobre o grande drama da perda d@s fill@s.

Gatos e leóns

Xosé A. Neira Cruz. Ilustración de Enjamio. Planeta Oxford

Misteriosa e intrigante historia de felinos na senlleira Venecia.

Os irmáns Corazón de León

Astrid Lingren. Ilustracións de María Lires. Xerais
Os irmáns Karlos e Ionatán atópanse no paraíso nunha mestura de realidade e fantasía.

El mar de los trolls

Farmer, Nancy. Destino
iDe aventuras cos viquing@s!

Un marciano neste mundo

Conchi Regueiro. Baía Edicións
Nerea non é «un marciano» so é un «pouco super-dotada», polo que cursa uns créditos da carreira na facultade de físicas, mentres continua o curso no instituto.

El secreto del museo

Henry Chancellor. Montena
Aventuras nun museo con personalidade propia.



O tesouro das ánimas

Conchi Regueiro. Baía

A profesora de Natalia e Guillerme desaparece, eles buscarana poñéndose en perigo. A solución está nun enigma agochado nun peto de ánimas que os levará a un tesouro.

Libros para maiores de 14 anos

De todas
as cores

Cartas de amor

Fran Alonso. Xerais

Nove cartas de amor, todas elas escritas por mulleres desde diferentes lugares.

Corredores de sombra

Agustín Fernández Paz. Xerais

A aparición dun esqueleto nunhas obras de restauración fai que xurdan tódalas preguntas, ata que unha rapaza contestará a todas elas.

Dos velas para el diablo

Laura Gallego. SM

A guerra milenaria entre anxos e diaños ven de cobrar unha nova vítima, pero esta vez as cousas non han quedar así.

Huída al sur

Juan Madrid. Edebé

Novela negra cargada de suspense e intriga.

El ladrón mago

Sarah Prineas. Ilustracións de Antonio Javier Caparo. Montena

O que Conn, ladrón de oficio, non sabía era que roubándolle a un mago tamén el se podería converter nun. Pero a maxia pode resultar ser máis perigosa que a propia policía.



Leyendas de los Otori. El suelo del ruiseñor

Lian Hearn. Alfaguara

Primeiro volume da saga dos Otori. Tomasu chega a súa aldea que acaba de ser incendiada polos Tohan que odian aos Ocultos, na súa fuxida atopa a Shigeru do clan dos Otori que o toma baixa a súa protección.

O libro das viaxes imaxinarias

Xabier P. Docampo. Ilustracións de Xosé Cobas.

Xerais

Fermosa obra que describe as cidades e reinos que vai visitando o viaxeiro, pero que ao mesmo tempo nos vai propondo unha viaxe ao interior de nós mesmos.

Material sensible: cuentos crueles

Jordi Sierra i Fabra. SM

Mestura de realidade e literatura a través de textos e fotografías, todo partindo das experiencias vividas polo autor.

A noite que Wendy aprendeu a voar


Andreu Martín. Xerais

Wendy Aguilar, unha policía nova e inexperta, enfróntase a un complicado caso de asasinato, que lle fará medrar persoal e intelectualmente.

A Pomba e o Degolado

Fina Casalderrey. Xerais

A vida no instituto é moi difícil para André, polo que busca acougo no chat e en «Pomba», a súa amiga cibnética mentres coída dos paxaros do seu avó.



La tuneladora

Fernando Lalana. Bambú

De novo o profesor metido a detective, Fermín Escartín, terá que resolver un terrible caso, un enxeñeiro que traballa nos túneles do metro desaparece e...

O único que queda é o amor

Agustín Fernández Paz. Ilustracións de Pablo Auladell. Xerais

Fermosos relatos que falan da importancia do amor, «ese sentimento capaz de transformarnos máis profundamente que calquera outro, e tamén da súa ausencia».

Vendida

Patricia McCormick. SM

Unha historia sinxela para denunciar a venda de nenas na India e Nepal para explotalas sexualmente.

Xogares dun tempo novo

Pepe Carballude. Ilustracións de Beatriz García Trillo. Everest

A través dunha historia de amor, explícanos que eran as Misións Pedagóxicas, por quen estaban formadas, que facían, etc. Excelente obra para coñecer algo máis da nosa historia contemporánea.

Zara y el librero de Bagdad

Fernando Marías. SM

Neste libro, Premio Gran Angular 2008, a amizade e a solidariedade son valores que traspasan épocas e axudan a non repetir o máis noxento da Historia.



La balada del mar salado

Hugo Pratt. Norma Editorial

Primeira das aventuras do mariño Corto Maltés polas illas do Caribe e outro lugares do mundo, un universo onde o lector coñecerá lugares exóticos, cidades milenarias e conflitos e loitas que marcaron os inicios do século XX.

Belo Horizonte

Miguel Anxo Prado. Norma

Imaxes da cidade brasileira que serven de fondo a unha historia de contrastes e misterios.

Marsupilami

Batem Franqui. Salvat

Divertidas historietas desta familia de marsupilamis que viven tranquilamente na selva.

La memoria en los bolsillos

Luc Brunschwig. Ilustracións de Étienne Le Roux.

Norma

Historia de amor e de entrega que rompe con tódalas barreiras da sociedade.

Ratas

Xaquín Marín. Embora

Unha obra moi interesante de Xaquín Marín que sae a luz novamente, unha historia de ciencia ficción chea da imaxinación do autor.

Todo Mafalda

Quino. Lumen

A análise da sociedade e da cultura de finais do século XX por unha nena moi crítica. Un libro que todos temos que ler, imprescindible.



Narrativa para moz@s e adult@s

de todas
as cores

Adiós, hasta mañana

William Maxwell. Libros del asteroide
Novela corta sobre o final dunha amizade.

Cabeza de perro

Morten Ramsland. Salamandra
Tres xeracións da familia Erickson desfilan por esta novela que fala da vida sen contemplacións.

La chica que soñaba con una cerilla y un bidón de gasolina

Stieg Larsson. Destino
Segunda entrega da triloxía Millenium na que Lisbeth Salander e Mikael Blomkvist, os protagonistas de *Los hombres que no amaban a las mujeres*, teñen entre mans a resolución dunha trama sobre tráfico e prostitución de mulleres.

Crematorio

Rafael Chirbes. Anagrama
Un exitoso promotor urbanístico da costa levantina fai un repaso da súa vida familiar e profesional.

O demo e o profundo mar azul

Eva Moreda. Positivas
De como se pode triunfar tocando o saxo e converterse nunha figura do Jazz aínda que haxa que renunciar á familia. A emigración contada desde outro punto de vista.



La dulce envenenadora

Arto Paasilinna. Anagrama

Unha inocente anciá ten que facerse cargo dos gastos mensuais do seu desalmado sobriño e os seus amigos. Un cúmulo de casualidades van ir poñendo a cada quen no seu sitio.

Fado da princesa

Xosé Ramón Pena. Galaxia

Unha muller de finais do século XX que loita pola súa liberdade coartada polos roles sociais.

Festina lente

Marcos S. Calveiro. Xerais

Novela histórica que nos fala dun encadernador que desenvolveu a súa vida profesional na Compostela de finais do século XVI e principios do XVII, ao mesmo tempo que realiza un retrato da vida social e cultural desta época.

El grupo

Mary McCarthy. Tusquets

As mulleres, tal como éramos.

Hacia los confines del mundo

Harry Thompson. Salamandra

A través de oitocentas páxinas, Thomson relata a viaxe de Darwin no Beagle, o barco no que pasará cinco anos como naturalista e donde se xesta a súa obra sobre a orixe das especies.

Historia de una mujer

Marcelo Birmajer. Seix Barral

Isabel, que parece non avellentar, é ademais vítima da súa propia beleza. O autor pretende ridiculizar aos maltratadores e tamén o rol pasivo da vítima.



Los hombres que no amaban a las mujeres

Stieg Larsson. Destino

Primeira entrega da triloxía Millenium, con unha trama de intriga que denuncia os malos tratos ás mulleres.

El quinto en discordia

Robertson Davies. Libros del asteroide

A misteriosa morte de Boy Staunton, magnate canadense, leva ao seu mellor amigo a revisar toda a súa vida en común.

Retorno a Brideshead

Evelyn Waugh. Tusquets

Anos 20, unha aristocrática mansión na campiña inglesa, uns mozos que se inician na vida adulta e no amor; estes son os ingredientes da novela.

Retrato de una dama

Henry James. Ediciones del bronco

Unha das obras mestras do autor, narra a historia dunha moza americana que viaxa a Europa coa súa tía rica, todo complícase e outros queren apoderarse da súa herdanza.

O sabre do francés

Miguel Anxo Fernández. Galaxia

Once relatos sobre a loita dos galegos contra as tropas napoleónicas de 1809.

Tras do solpor

Haruki Murakami. Galaxia

En Toquio, no tempo que vai da medianoite ao amencer, transcorre esta novela, con dúas protagonistas principais: Eri, unha moza que pasa o seu tempo durmindo e vainos contando o que sente e Mari, unha lectora solitaria de bar.



Tres segundos de memoria

Diego Ameixeiras. Xerais

Un mozo de 30 anos, parado e á espera da próxima oferta de precariedade laboral, deambula pola vida contándonos o seu día a día.



A vida nova de Madame Bovary

Xosé Carlos Caneiro. Galaxia

Hermelinda enganada polo seu marido, abandona a vida familiar para refuxiarse nunha peculiar casa de hóspedes chamada O Gatopardo.

Poesía para moz@s e adult@s

*De todas
as cores*

Desmemoriado río

Pura Vázquez. Espiral Maior

Unha obra imprescindible dentro da traxectoria dunha das mellores poetas actuais en lingua galega.



Romancero

Santillana

Unha cuidada selección de romances desde os máis antigos aos actuais.

Non queres que o poema te coñeza

María do Cebreiro. P.E.N. de Galicia

Con este libro de poemas gañou o II Premio Caixanova de poesía esta poeta galega, que escribe poemas como ríos que discorren mansos...



Oda a la bella desnuda y otros escritos de amor

Pablo Neruda. Ilustracións de María José Romero. Ekaré

Para namorar e namorarse.

Otoño y otras luces

Ángel González. Tusquets

Un magnífico poemario dun dos mellores exemplos da literatura española do século XX e do presente.

Poesía con los jóvenes

Mario Benedetti. Visor

41 poesías de diferentes obras, que o propio Benedetti seleccionou para un recital que ofreceu en Madrid.

Poemas e contos da muralla

A Nosa Terra

Poetas, escritores e artistas galegos xuntáronse para elaborar esta homenaxe á muralla de Lugo no ano da súa presentación á UNESCO para que se declarase Patrimonio da Humanidade.



Libros de coñecementos para moz@s e adult@s

todas
as cores

La cocina del microondas

María Victoria Llamas. Alianza Editorial

Un libro básico para utilizar o forno microondas e tamén facer receitas moi apetitosas, sinxelas e baratas.

El detective en el supermercado

Michael Pollan. Temas de hoy

Como debemos alimentarnos para estar sans.

A linguaxe e as linguas

Ramón Piñeiro. Galaxia

Con este texto ingresou o homenaxeado deste ano nas Letras Galegas na Real Academia Galega no ano 1967.

El método 1,2,3 para portarse bien

M^a Luisa Ferrerós. Planeta

A forma fácil e divertida de acadar un comportamento axeitado d@s fill@s desde que nacen ata a adolescencia.

Mi lucha contra la fibromialgia

Alfred, Blasi. Horizonte

Novas investigación sobre esta enfermidade.

Olladas no futuro

Ramón Piñeiro. Galaxia

O Día das Letras Galegas deste ano esta dedicado a Ramón Piñeiro. Este libro recolle escritos deste autor ao longo de vinte e cinco anos da súa vida e a historia do pensamento sobre a Galicia máis recente.



A pintura en Galicia: Do XVII ás últimas tendencias=La pintura en Galicia: Del XVII a las últimas tendencias

Francisco Pablos. Nigra Trea

Unha análise coidada e exhaustiva pola nosa pintura desde o século XVII ata ás figuras actuais.



¿Qué ocultan nuestros hijos?

Javier Urra. La esfera de los libros

Unha recompilación de respostas dadas por adolescentes e pais consultados por toda a xeografía española servirá de axuda para comprender un pouco máis aos nosos mozos e mozas.



Ramón Piñeiro: a expresión cultural dunha estratexia política

Mercedes Queixas Zas. Laiovento

Análise sociopolítica da figura do homenaxeado este ano no Día das Letras.



Tengo 50 años ¿qué me pasa doctor?

Eduardo Fernández Villoria... [et al]. Planeta

Para saber máis sobre a etapa da menopausa e a madurez.



Vida e obra de Ramón Piñeiro

Beatriz García Turnes. Galaxia

Esta obra divídese en dúas partes. Na primeira titulada A batalla do futuro fala da súa biografía e na segunda presenta unha escolma de textos deste intelectual.

DVD para moz@s e adult@s

de todas
as cores

Al final de la escapada

Jean-Luc Godard, dir. Universal
Aclamada «opera prima» da Nouvelle Vague francesa que estende as súas influencias visuais e estéticas ata a actualidade.

Los falsificadores

Stefan Ruzowitzky, dir. Cameo Media
Óscar 2008 á mellor película estranxeira. Atípico drama de campo de concentración centrado nunha inusual historia de supervivencia.

Granujas de medio pelo

Woody Allen, dir. Lauren Films
Sátira de Woody Allen sobre a cultura do éxito na actualidade.

La historia del camello que llora

Byambasuren Davaa e Luigi Falconi, dir. Divisa
Docu-drama ambientado en Mongolia sobre as tradicións das tribos nómades do deserto do Gobi.

La joven de la perla

Peter Webber. DeAPlaneta
Baseada na obra de Tracy Chevalier, drama histórico sobre a vida do pintor flamenco Johannes Vermeer na Holanda do século XVII.

El mercader de Venecia

Michael Radford, dir. Manga Films
Adaptación do texto de Shakespeare protagonizada por Al Pacino nunha cuidada recreación da Venecia do século XVI.



Mi hermano es hijo único

Daniele Luchetti, dir. DeAPlaneta

Drama familiar co trasfondo dos acontecementos políticos na Italia dos anos 60.



Rocco y sus hermanos

Luchino Visconti, dir. Manga Films

Drama familiar centrado nas traumáticas experiencias do cambio social e económico italiano dos anos 60.



A scanner darkly

Richard Linklater, dir. Warner Bros.

Versión da obra de Philip K. Dick na que os actores reais (Keanu Reeves, etc.) son personaxes animados.



Syriana

Stephen Gaghan. Warner Bros.

Thriller político sobre a xeo-estratexia da economía global e as súas consecuencias.

Uno, dos, tres

Billy Wilder. MGM

Sátira sobre a Guerra Fría. Comedia en estado puro chea de «gags» a velocidade de vertixe.


CD Audio



Camiños da fin da terra

Luar na Lubre. Warner Music

Tradición e maxia na súa última gravación.



Cinema do mar

Carlos Núñez. Sony BMG Music

Visión persoal de temas clásicos e música de cine.

Un día cualquiera

Nacha Pop. Emi Music

Antoloxía definitiva (1980-1987) dun grupo emblemático do pop español.



Magic time

Van Morrison. Universal Music

Soul con tonalidades jazz a cargo do «León de Belfast».



Debut

Bjork. Mother Records

Primeiro disco en solitario (1993) da cantante islandesa.



9 Symphonies

Ludwig Van Beethoven. Deutsche Grammophon
Orquestra Filarmónica de Viena dirixida por Leonard Bernstein


Visión persoal das 9 sinfonías coa usual expresividade de Bernstein.



8 Symphonies

Franz Schubert. Deutsche Grammophon
Orquestra Filarmónica de Berlín dirixida por Karl Böhm

Elegancia e excelencia interpretativa, que fan desta colección un achegamento definitivo.



New York, New York

Banda Sonora Orixinal. Emi

Clásicos dos anos 40 e 50 en clave Big Band, interpretados por Liza Minelli.



SISTEMA DE BIBLIOTECAS PÚBLICAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE OLEIROS

- * **Biblioteca Central Rialeda.** Perillo
- * **Biblioteca Pública Municipal e Centro de Documentación da Muller «Rosalía de Castro».** Santa Cruz
- * **Biblioteca Pública Municipal «Manuel María».** Oleiros
- * **Biblioteca Pública Municipal «M^a José Trincado».** Mera
- * **Biblioteca Pública Municipal «M^a José Ruso».** Dorneda
- * **Biblioteca Pública Municipal «Ánxel Fole».** Nós
- * **Biblioteca Pública Municipal «Xograr Mendiño».** Lorbé
- * **Biblioteca Pública Municipal «Federico García Lorca».** Montrove

Visita o noso blog: <http://bibliotecasoleiros.blogspot.com>

Catálogo do fondo bibliográfico: <http://bmpg.rbgalicia.org/oleiros>



Concello de Oleiros

ORGANISMO AUTÓNOMO MUNICIPAL
DE CULTURA

www.oleiros.org



SISTEMA DE BIBLIOTECAS
PÚBLICAS MUNICIPAIS
DO CONCELLO DE OLEIROS

Catálogo das bibliotecas:
<http://bmpg.rbgalicia.org/oleiros>

Visita o noso blog: <http://bibliotecasoleiros.blogspot.com>